



Luís García Fernández. Director do Centro de Promoción Rural-EFA Fonteboa (Coristanco, A Coruña)

Por unha formación profesional innovadora e dinamizadora

► APURADOS POLO URXENTE, INVESTIMENTOS EN RECURSOS MATERIAIS, ESQUECEMOS O IMPORTANTE, INVESTIMENTOS EN RECURSOS HUMANOS

Levamos xa décadas de redución dos activos do sector agrario; pasamos do 30 % da poboación activa dos anos 80 ao escaso 5 % do momento actual, similar ao de calquera rexión europea evolucionada. Foi unha reconversión necesaria, pero talvez excesiva. Coas políticas de incentivar as xubilacións anticipadas, elimináronse as explotacións menos competitivas e sen horizonte de futuro; ocupados en presentar máis números que resultados, faltaron ideas e referentes á hora de orientar as novas incorporacións, para garantir o éxito da aventura empresarial dos mozos e das mozas que se incorporan ao sector agrario.

Apurados polo urxente, investimentos en recursos materiais, esquecemos o importante, investimentos en recursos humanos. Nos próximos dez anos xubilárase, por idade, o 40 % dos titulares das explotacións de Galicia. Teremos recambio para substituír os preto de 1.000 activos que se xubilán de media cada ano?

É un asunto de capital importancia ao que habería que dedicar tempo e recursos, pois, de non facer nada, estaríamos a comprometer o futuro do medio rural e os discursos sobre o despoboamento e o reto demográfico serían estériles.

Entre os requisitos esixidos para a incorporación á actividade agraria, a “capacitación profesional suficiente” foi un máis, cando debería ser o principal e ao que habería que darlle o protagonismo que se merece en favor da eficiencia dos investimentos que se deben realizar e das subvencións que se han de conceder.

Non é admisible aprobar un proxecto de incorporación sen un plan de empresa ben interiorizado e rigoroso. A ferramenta adecuada para elaborar o devandito plan é seguir un itinerario formativo acorde coas demandas da actividade profesional proxectada cara ao futuro, unha formación profesional empresarial agraria: unha formación específica (ciclos formativos de grao

► NON SE TRATA DE CAPACITAR,
SENÓN DE ENSINAR A
APRENDER PARA EMPRENDER

medio e superior) que permita adquirir as competencias profesionais que necesita a complexa actividade agraria, pois son moitas as teclas que hai que tocar na xestión dunha empresa agraria.

Pola rixidez do noso sistema educativo, a formación profesional, tradicionalmente, foi a cinsenta. O bacharelato sempre gozou de maior recoñecemento social e non é infrecuente que cara a esa opción se orienten estudantes con expedientes mediocres que se atascan nos estudos, abandonan ou reorientan o seu itinerario académico, perdendo un tempo moi valioso na súa traxectoria formativa.

Que modelo de formación profesional?

As autoridades educativas teñen a competencia e a responsabilidade de establecer os títulos profesionais e decidir as ensinanzas mínimas de cada un para alcanzar as competencias inherentes ao título, determinando os obxectivos e os módulos a impartir.

Respectando o marco xeral establecido na definición do título, cada centro, en prol da súa autonomía e da utilidade social, debería traballar na liña da innovación educativa, que na maioría dos casos non se trata de dispoñer de grandes investimentos en recursos educativos, senón máis ben na actualización das metodoloxías e da interacción co espazo produtivo. As relacións escola-empresa son imprescindibles para poñer en marcha sistemas de formación en alternancia/dual, aproveitando o potencial formativo dos profesionais.

Así mesmo, hai que partir da premisa de que cada mozo que acceda á formación profesional debe ter, polo menos, un esbozo de proxecto empresarial ou unha expectativa laboral e, a partir de aí, ir perfilando as liñas do proxecto.

Unha formación que ten que mirar cara ao futuro

Xa non se trata de capacitar, senón de ensinar a aprender para emprender. É fundamental coñecer o medio socio-profesional, facer un diagnóstico deste, coñecer a evolución e as tendencias para poder situarse no futuro.

Trátase de darlles resposta aos interrogantes da agricultura do futuro, unha agricultura integrada nun medio socioeconómico cambiante, cunhas esixencias ambientais crecentes e uns mercados caracterizados pola volatilidade, efecto colateral da globalización económica. Imponse, pois, pensar no global para actuar no local.

A formación profesional que necesita o sector debe darlles resposta ás esixencias actuais do sector: incorporar os criterios de xestión empresarial e capacitar os mozos para traballar como man de obra cualificada nas explotacións demandantes de persoal.

Hai oportunidades e demandas de emprego nas explotacións agrarias, pero só con formación adecuada e permanente poderán situarse cara ao futuro e dinamizar os territorios rurais, e poñer freo á deriva de resignación e abandono. ■

OFERTA PÚBLICA FP AGRARIA

Se queredes información sobre os cursos ofertados pola Xunta de Galicia para formación profesional na especialidade de Agraria, podedes consultar a seguinte ligazón:
https://www.edu.xunta.es/fp/web-fm_send/7751